



Non á explotación laboral nos Centros Especiais de Emprego

No marco da loita contra a precariedade e as novas formas de explotación laboral, a CIG está inmersa nunha campaña para denunciar que os Centros Especiais de Emprego (CEE) forman parte dunha nova ferramenta que o capital emprega para precarizar aínda máis as condicións laborais e de vida de milleiros de persoas traballadoras, incrementando o seu beneficio mediante o abuso ás persoas con capacidades distintas.

Cómpre recordar que o obxectivo destes CEE é o de proporcionarlle ás persoas con capacidades distintas a realización dun traballo produtivo e remunerado, adecuado ás súas características persoais e que facilite a súa integración laboral no mercado ordinario de traballo. Máis de dúas terceiras partes dos contratos que se realizan a persoas con capacidades distintas son a través destes CEE, e o 80% destes contratos son temporais e están asociadas a tarefas pouco cualificadas. Como consecuencia, os CEE deixan de ser unha porta de acceso ao mundo laboral para converterse en precariedade subvencionada polas Administracións públicas, xa que gozan de bonificacións á Seguridade Social, rebaixas fiscais e subvencións salariais.

Estas empresas son favorecidas por convenios que remuneran por debaixo do que o fai o convenio de sector da empresa cliente, convenios que se converten en facilitadores de persoas traballadoras precarias, explotadas sen dereitos e con salarios de miseria.

Así fanlle competencia desleal ás contratas que si cómpren cos convenios de sector, empregando a este persoal como man de obra barata sen ningún dereito nin mellora laboral, incrementando os seus beneficios mediante a explotación dun colectivo de persoas co que se deba ter especial sensibilidade.

Mais agora se lles esixe ritmos de traballo e obxectivos como se foran empregados/as sen ningún tipo de discapacidade, ademais de traballar sen supervisión e adaptación ao posto de traballo, realizando horas extras aínda que son ilegais, con bolsas de horas, con contratos a tempo parcial pese a que realizan xorna-

das completas, con infrasalarios as veces por debaixo do propio Salario Mínimo Interprofesional (900 euros), absorbendo complementos do seu convenio que non poden ser absorbíbeis, etc.

Ofrecen man de obra barata, o que lles permite obter un lucro inmoral, vulnerando o principio de igualdade entre as persoas traballadoras e desvirtuando o papel dos CEE como facilitadores de integración laboral.

Na CIG consideramos necesario trasladar esta situación vergoñenta a toda a clase traballadora e a sociedade en xeral para que identifiquemos nos distintos sectores e empresas estas novas formas de explotación laboral, obrigando a que nas compañías onde realizan a súa actividade apliquen condicións laborais do convenio colectivo onde prestan servizo. E que cumpran coa taxa de reserva do 2% das persoas con capacidades distintas para as empresas de máis de 50 traballadores/as, xa que as empresas escapan das súas obrigas contratando os servizos dos CEE como man de obra con menos dereitos cos da empresa principal.

A Xunta de Galiza e o Goberno central subvencionan con cartos públicos e con infinidade de axudas estes CEE, polo que estamos a financiar cos nosos cartos estas empresas sen exixir unhas condicións de traballo dignas. O capital demostra que non ten escrúpulos á hora de explotar, e os CEE son o exemplo máis claro desta falta de respecto pola dignidade humana e polos dereitos da clase traballadora.

A maioría destes CEE incumpren as propias normas que a Administración obriga a cumprir, xa que non informan das súas actividades nin dos novos centros de traballo onde prestan servizos, algo que invalidaría a estas empresas para ser CEE. Diante disto, a CIG iniciou unha campaña para solicitarlle aos Gobernos do Estado e da Xunta, nas competencias que estes teñen, a descatalogación de todos os centros que incumpren a normativa, algúns dos cales xa os temos identificados. Ademais, demandamos a aplicación do convenio colectivo do sector de actividade correspondente no que presten servizos en todos os CEE que operan no país.

**As persoas traballadoras con capacidades distintas
deben ser consideradas polas súas capacidades
e non polas súas carencias**



Confederación Intersindical Galega

www.cig.gal